

“ VOU CAMBIAR O MUNDO ”

Vou cambiar o mundo
nun plisplás.

Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Na pel do meu río
non danzan paxaros.
Están asustados!
Na pel do meu monte
non trotan cabalos.
Están abafados!
Nin ríos lixados,
nin montes queimados!



Vou cambiar o mundo
nun plisplás.

Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Na boca da noite
a lúa non cea.
Está moi enferma!
Na boca do poeta
a voz quedou muda.
Iso é tortura!
Nin ceos toldados,
nin versos calados!



Vou cambiar o mundo
nun plisplás.

Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

No banco dos pobos
non sentan as pombas.
Teñen medo ás bombas!
No banco das guerras
non se escoita un conto.
O demo anda solto!
Nin pobos mancados,
nin contos borrados!



Vou cambiar o mundo
nun plisplás.

Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Letra: Fina Casalderrey

Música: Néstor Blanco